

## ACTA NUM. 3/13

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 08 DE ABRIL DO 2013.

Na casa do Concello de Barro, ás vinte e unha horas do día oito de abril de dous mil trece, reúnese o Pleno deste concello.

#### ASISTENTES:

##### Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

##### Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

---

##### Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abraldes

Dna. M<sup>a</sup> Xesús Castro Calviño.

D. Roberto Rivas Reboredo.

---

##### Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna Margarita Canay Pintos

##### Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

Dilixencia.- Incorporase a sesión o Sr. Manuel Rivas Reboredo no punto 4

#### ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.
- 2.- ALEGACIONES "PROLONGACION DA AUTOVIA A 57 NO TRAMO PILATEIROS-BARRO E CONEXION A AP-9 EN CURRO" CLAVE E11-PO-25.
- 3.- ADXUDICACION CONTRATO SEGUROS.
4. MOCIONS.
5. ROGOS E PREGUNTAS.

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

#### **1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.**

Dada conta da acta de data 20.03.2013 non se formulan observacións á mesma

e apróbase por unanimidade.

## **2.- ALEGACIONES “PROLONGACION DA AUTOVIA A 57 NO TRAMO PILATEIROS-BARRO E CONEXION A AP-9 EN CURRO” CLAVE E11-PO-25.**

Por el Sr. Alcalde se dá cuenta que en fecha 4 de marzo de 2013, tuvo entrada en el Registro General del Ayuntamiento de Barro el proyecto “ESTUDIO INFORMATIVO PROLONGACIÓN DE LA AUTOVÍA A-57 EN EL TRAMO PILATEIROS-BARRO Y CONEXIÓN CON LA AP-9 EN CURRO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. CLAVE EI-1-PO-25”.

Asimismo, se dá cuenta de que se procedió al estudio del proyecto, por una comisión formada por representantes de los grupos políticos de la Corporación así como representantes vecinales de las zonas afectadas por el trazado, consensuándose las alegaciones al mismo.

El asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de fecha 8 de abril de 2013.

Sometido el asunto a deliberación y tras las intervenciones de los representantes de los grupos políticos que forman la Corporación, se somete el asunto a votación.

El Pleno del Ayuntamiento, POR UNANIMIDAD ACUERDA presentar las siguientes alegaciones:

**ALEGACIONES AL DOCUMENTO “ESTUDIO INFORMATIVO PROLONGACIÓN DE LA AUTOVÍA A-57 EN EL TRAMO PILATEIROS-BARRO Y CONEXIÓN CON LA AP-9 EN CURRO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. CLAVE EI-1-PO-25**

En fecha 4 de marzo de 2013, se ha recibido en el Registro General del Ayuntamiento, notificación de la Resolución de la Dirección General de Carreteras del Ministerio de Fomento de fecha 31-1-2013, por la que se aprueba provisionalmente el Estudio Informativo: “Prolongación de la Autovía A-57 en el tramo Pilateiros-Barro y Conexión con la AP-9 en Curro. Provincia de Pontevedra” de clave EI-1-PO-25 que incluye el correspondiente Estudio de Impacto Ambiental.

1.- En relación con la necesidad de la actuación, del conocimiento de la zona y de las densidades de vehículos que circulan por la N-550 y la PO-531, en el territorio del Término de Barro quedaría justificada la necesidad de las obras con motivo de descongestionar las carreteras de la zona, por la gran cantidad de vehículos en tránsito, que circulan habitualmente por zonas urbanas y que suponen un alto riesgo de accidentes y que empeoran la capacidad de desarrollo industrial del término por el encarecimiento que supone los costes añadidos por las distancias recorridas y los tiempos perdidos por los numerosos transportes en el eje Villagarcía-Pontevedra-Marín-Vigo y Aeropuerto.

2.- Consideramos suficientemente descritos en el documento y exhaustivamente

pormenorizado las descripciones de la red viaria actual, la caracterización del territorio, así como la correspondiente evaluación de riesgos.

3.- Están adecuadamente recogidos en el documento datos relativos a la evolución demográfica y estructura de la población así como los aspectos culturales y económicos de la zona.

4.- En relación con las alternativa propuestas y la propuesta como opción recomendada en el Estudio ALTERNATIVA CO-03, se formulan las siguientes alegaciones:

A) Parece adecuado el trazado entre el Término de Pontevedra hasta el cruce con la autopista AP-9 en el lugar de Curro, pero no así la solución propuesta desde este lugar hasta el enlace con la PO-531 Y PO-0506, por los motivos siguientes:

- Existencia de infraestructuras recientemente ejecutadas por la Xunta de Galicia de mejora de seguridad vial en el enlace entre la PO-531 y PO-0506, largamente reclamadas por la población del lugar y que con la solución propuesta supondría su desmantelamiento, así como afección a infraestructuras municipales de servicios a la población.

- Afección al conjunto y entorno de la Iglesia Parroquial de Curro.

- Pérdida de valor añadido del "Macronudo de Curro" ejecutado por la Consellería de Medio Ambiente, pues en principio la infraestructura no parece pensada para engranar una autovía por ese tramo del mismo, sino por la zona de los enlaces de la AP-9.

- Supondría asimismo una división física de la distribución poblacional de la parroquia de Curro, cruzando el centro de la misma.

- Se considera inadecuada la solución propuesta en su paso bajo la N-550, considerando que tendría que retomarse la rotonda prevista por el MOPU en su día.

B) Por lo expuesto, se propone como mejor alternativa la CO-05, por los siguientes motivos:

- Es coincidente con la alternativa propuesta por el estudio hasta el punto de encuentro con la AP-9 en Curro y su entronque con la autovía de Villagarcía, la AP-9, Autovía do Salnés y la PO-531 es la natural y prevista por las obras ejecutadas por la Xunta de Galicia.

- Los terrenos afectados no están poblados y son de menor valor agrícola debido a las afecciones ya impuestas por el trazado de la AP-9.

C) En relación con la alternativa CO-05, el inconveniente es el modelo de enlace con el Macronudo de Curro, debiendo buscarse otro tipo de solución técnica al mismo que implique la no afección de forma innecesaria de tanta ocupación territorial y que no afecte asimismo al Polígono Industrial BARRO-MEIS.

Por tanto, se hace propuesta de alegaciones al estudio presentado, poniendo de manifiesto que la mejor alternativa de las que contiene el documento es la CO-05 por menor afección e impacto social y económico en las zonas donde discurre, pero con una solución técnica totalmente distinta en las zonas de enlace con la AP-9 y el

Macronudo de Curro. También en el cruce con la N-550 en Portela, deberá retomarse el proyecto que en su día tenía proyectado el MOPU.

Consideramos asimismo que el enlace natural de una autovía "SALNES" y la futura autovía Pontevedra-Vilagarcía-Curo con el proyecto que se propone de la A-57, deberá ejecutarse de forma directa y no a través de desvíos y rotondas innecesarias, a menos que el proyecto propuesto esté pensado para aumentar los clientes de la AP-9.

### **3.- ADXUDICACION CONTRATO SEGUROS.-**

A seguir dase conta dos seguintes antecedentes:

1.- Acordo tomado polo Pleno do Concello de Barro o 31 de xaneiro de 2013, polo que se aproba o prego de cláusulas administrativas particulares para adxudicar a contratación de pólizas de seguros do Concello de Barro. Asimesmo aprobaronse os pregos de prescricións técnicas que rexen a contratación de pólizas de seguros para os vehículos, danos materiais e de responsabilidade civil/patrimonial do Concello de Barro.

2.- No BOP da provincia de Pontevedra núm. 33 do 15 de febreiro de 2013 aparece publicado o anuncio de licitación da contratación de pólizas de seguros. O prazo para a presentación de plicas rematou o día 2 de marzo de 2013.

3.- En data 25 de marzo de 2013, tivo lugar reunión da mesa de contratación que procedeu á apertura dos sobres A) que conteñen a documentación, descartándose as plicas presentadas por Mapfre Seguros Empresas Cia. de Seguros y Reaseguros, con CIF A28725331 e por Mapfre Familiar Cia. de Seguros y Reaseguros, con CIF A28141935, por non aportar fianza provisional polo importe establecido no prego e no anuncio de licitación. Declaranse admitidas as plicas presentadas por HELVETIA CIA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. e a plica presentada por MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A.

4.- En data 08.04.2013 tivo lugar a segunda reunión da mesa de contratación na que se fixo proposta de adxudicación dos seguros do Concello de Barro á empresa MGS SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. con domicilio en Avda. Diagonal 543-Barcelona, no prezo de 16.651,45 euros, que ofertou unha mellora no prezo de 6.648,55 euros, e por se-la proposta mais ventaxosa e por axustarse en tódalas súas partes ó prego de condicións.

O asunto foi dictaminado en Comisión Informativa de data 08.04.2013.

A Corporación Municipal, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- De conformidade co establecido no art.151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público TRLCSP, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2011 de 14 de novembro, excluir do procedemento de contratación os licitadores: Mapfre Seguros Empresas Cia. de Seguros y Reaseguros, con CIF A28725331 e Mapfre Familiar Cia. de Seguros y Reaseguros, con CIF A28141935.

Segundo. - De conformidade co establecido no art.151 e 156 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público TRLCSP, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2011 de 14 de novembro Adxudicar á MGS SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con A08171373 a contratación das pólizas de seguros do Concello de Barro, nas condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas e definido nos pregos de prescricións técnicas, no prezo de 16.651,45 euros, por se-la proposta mais ventaxosa e por axustarse en tódalas súas partes ó prego de condicións.

Terceiro.- Requerir ó adxudicatario para que dentro do prazo de 10 días habiles seguintes a aquel en que reciba a notificación da adxudicación proceda a presentar documentación xustificativa de estar o corrente de pago coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e coa Administración Tributaria, e xustificante de haber constituido fianza definitiva por importe de 832,57 euros.

Cuarto.- Requerir ó adxudicatario para a formalización do contrato dentro do prazo de 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación da adxudicación,

Quinto.- Facultar o Sr. Alcalde para a sinatura do contrato.

#### **4. MOCIONS.-**

Incorporase a sesión o Sr. Manuel Rivas Reboredo

##### **4.1.- Moción apoio veciños/as afectados polos desafiuzamentos.-**

Dase conta da moción presentada por D. Xosé Manuel Fernández Abraldes, portavoz do BNG no Concello de Barro, referida ao apoio aos veciños e veciñas de Barro afectados polos desafiuzamentos, que se transcribe literalmente:

##### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

1.- Un dos efectos máis perversos da situación económica que estamos a sofrer é o grande número de familias que están a perder as súas vivendas ao quedar tanta xente sen traballo.

2.- A Lei hipotecaria española está feita unicamente para beneficio dos bancos, de maneira que, ademais de botar ás familias das súas casas cando non poden pagar as súas hipotecas, as débedas cos bancos siguen existindo, xa que nin PP nin PSOE cambiaron a Lei para que a débeda quedase cancelada ao entregar a vivenda.

3.- No momento actual resulta totalmente inhumano botar a xente á rúa cando non pago porque non pode, mentres aos bancos se lles da toda a súa axuda que precisen para superar os seus problemas económicos.

4.- Ante este problema social tan grave, as administracións públicas teñen a obriga de facer todo o que esté nas súas mans para tentar axudar ás persoas afectadas polos desafiuzamentos.

5.- Unha das iniciativas que adoptaron algúns concellos foi o de chegar a acordos co colexio de avogados para que asesores de balde ás persoas afectadas, xa que se non teñen cartos para pagar a hipoteca, menos o teñen para pagar avogados que os defendan dos

bancos.

6.- Un dos concellos que asinou o acordo co colexio de avogados foi o de Pontevedra. Moitas das persoas que se achegaron a ese servizo para pedir información son veciños e veciñas do noso concello, polo que non puideron prestarlle a atención necesaria por non estar censados no concello de Pontevedra.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O concello de Barro asinará un convenio co colexio de avogados para o asesoramento e a defensa de balde dos veciños e veciñas afectados por desfiuzamentos.

Barro, a 5 de abril de 2013. Asdo. Xosé Manuel Fernández Abrales”.-----

A Corporación Municipal, por unanimidade, acorda prestar aprobación ao contido da presente moción.

#### **4.2.- Moción de apoio aos veciños/as afectados polas Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas.-**

D. Xosé Manuel Fernández Abrales, portavoz do BNG no Concello de Barro, da conta da mñocion do seu grupo referida ao apoio aos veciños e veciñas afectadas polas Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas, que se transcribe literalmente:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1.- As participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas foron comercializadas para as persoas que eran pequenas aforradoras, ocultándolles información e, na maioría dos casos, facéndolles crer que se trataba de produtos seguros, identificados coma depósitos a prazo fixo, e sen facelas partícipes dos riscos inherentes a este tipo de produtos financeiros e recuperábeis en calquera momento.

2.- A negligente comercialización das Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas foi recoñecida pola propia entidade financeira que, a través dun proxecto repartido nas súas oficinas, facía un recoñecemento público dos seus erros, solicitando o perdón ás persoas afectadas, e comprometéndose a buscar unha solución.

3.- O certo é que estas persoas vense privadas dos seus aforros no momento en que máis necesidade teñen deles. A situación da crise que está a vivir o país está levando a que as familias afectadas, privadas dos seus aforros e, en moitos casos, con parte dos seus membros en situación de desemprego, se atopen unha situación desesperada, que recorre dunha resposta a curto prazo que supoña un alivio para un padecemento inxusto e inxustificado. Asemade, atendendo ás xustas demandas dos afectados, entendemos que deben depurarse, no eido xudicial, as responsabilidades dos altos cargos directivos que se deriven da negligente comercialización de Preferentes e Obrigas Subordinadas, instando aos poderes públicos a tomar as oportunas medidas para esclarecer as responsabilidades derivadas dos actores principais do masivo engano perpetrado contra os aforradores galegos, e que devolvan as indemnizacións e paguen aos afectados.

4.- Nestes intres e, toda vez que NGB dependen integramento do FROB, máis quenunca, a solución a esta problemático é política.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1) Solidarizarse cos veciños e veciñas de Barro e do resto do País afectados pola estafa das Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas.

2) Instar á Xunta de Galiza a que esixa do FROB e do Goberno español a anulación da orde que aplica quitas inxustas ás persoas afectadas por Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas.

3) Instar ao Banco de España, ao Ministerio de Economía, á Comisión Europea e ao FROB, á Xunta de Galiza e a NGB a que continúen resolvendo, a través de Arbitraje de Consumo, todas as reclamacións presentadas en relación á comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas por NGB, até a resolución definitiva de todas elas e se dea contestación a todas as solicitudes presentadas.

4) Instar ao Goberno Español a que determine a non aplicación da Lei 9/2012 a todas as persoas afectadas pola comercialización negligente de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas de NGB.

5) Solicitar a gratuidade dos procesos xudiciais para todas as persoas afectadas pola negligente comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas de NGB, que se vexan na obriga de recolamar ante os Tribunais ordinarios, así como axilizar os procesos xudiciais mediante a súa tramitación como xuízos rápidos.

6) Instar ao Goberno español e á Xunta de Galiza a que, no ámbito das súas respectivas competencias, adopten todas as iniciativas pertinentes para a devolución inmediata dos aforros ás persoas afectadas polas Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas.

Barro a 4 de abril de 2013. Asdo. Xosé Manuel Fernández Abrales”.-----

O Sr. Fernandez Abrales, insiste na necesidade de abrir dilixencias pola via penal tendo en conta que si se chegou a esta situación é porque hai estafadores.

A Corporación Municipal, por unanimidade acorda prestar aprobación ao contido da presente moción.

#### **4.3.- Moción solicitude supresión peaxe AP-9 entre Curro e Pontevedra.-**

D. José Sanmartín Soto e Dna. Margarita Canai Pintos, integrantes do Grupo Municipal Socialista no Concello de Barro, da conta da moción relativa a solicitude de supresión do peaxe na AP-9 tramo entre Curro e Pontevedra, que se transcribe literalmente:

“Exposición de motivos:

Por mor da realización das alegacións contra o proxecto da A-57 no seu tramo que discurre polo concello de Barro. A opción que o Ministerio de Fomento consideraba mais viable e a que as forzas políticas e sociais deste concello a consideramos unha verdadeira sangría a parroquia de Curro. Dende o PsdeG de Barro vemos unha excelente oportunidade para retomar unha vella promesa que se fixo en varias campañas electorais. Esta facía referencia que o tramo da AP-9 entre Curro e Pontevedra se suprimira. Sabemos das dificultades económicas que están a sufrir as arcas públicas. Pero este Ministerio é un dos que aínda así está facendo inversións. Por eso solicitamos un esforzo con toda esta comarca e a súa zona de influencia que afecta a moitísima poboación e tamén serviría de relanzamento do Polígono Industrial.

Por todo iso, o Grupo Socialista do Concello de Barro presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

1º.- Solicitar ó Ministerio de Fomento a negociación para a supresión da peaxe dunha

forma definitiva ou mesmo temporal ata que se abra a A-57.

En Barro, a oito de abril de 2013. Asdo. José Sanmartín Soto”.-----

Sr. Sanmartín Soto, sinala que esta demanda xa plantexada en outras ocasións resolvería importantes problemas de accesos a capital co conseguinte aforro na ocupación de terreos e realización de novas obras.

A Corporación Municipal, por unanimidade acorda prestar aprobación ao contido da presente moción.

### **5.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Sr. Fernandez Abraldes, pregunta pola continuación obras da estrada provincial de Perdecanaí.

Sr. Alcalde, que se replanteou o proxecto e que se esta falando cos propietarios para concertar as autorizacións a cambio da reposición de muros de peche das fincas e pide a colaboración do concelleiro nas negociacións con veciños afectados.

Sr. Sanmartín Soto, pregunta pola posibilidade de instalar algúns sistema de protección na subida o campo de fútbol porque caeu un coche recentemente.

Sr. Alcalde que se estudirá o tema.

Sr. Sanmartín Soto, pregunta polas previsións de remate do pavillón de Curro a raíz da solicitude de subvencións polo concello.

Sr. Alcalde, que se irá rematando a medida que se dispoña de cartos.

Sr. Sanmartín Soto, pregunta polo acordo sobre rescisión do contrato da concesión do mercadillo municipal.

Sr. Alcalde, que se adoptou o acordo inicial e se continuará coa tramitación do expediente tendo en conta a data prevista para o remate do contrato.

A sesión rematou ó fio das vinte e unha horas trinta minutos. Dou fe.